



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Bases concurso decoración Nadal

EDICTO

A efectos de xeral coñecemento, faise público que mediante Decreto Alcaldía 2025/G003/001565 de data 25/11/2025, polo que se aproban as BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2025 (EXPDTE 2025/X999/000833), que se transcriben literalmente a continuación:

1. OBXECTO

O Excmo. Concello de Teo, a través da Concellería de Cultura, Turismo, Festas Tradicionais e Festexos, convoca o Concurso de Decoración do Nadal 2025 “Onde a Luz Medra: Teo Brilla”, dirixido ás empresas de servizo das 13 parroquias do municipio (comercio local, restauración. aloxamentos, etc), co fin de:

- Promover a participación activa do tecido empresarial nas celebracións do Nadal.
- Fomentar un ambiente do Nadal acolledor e visible en todas as parroquias dun concello moi disperso territorialmente.
- Impulsar valores como o traballo comunitario, a cooperación e a creatividade.
- Incentivar o uso de materiais reciclados e sostibles nas decoracións.
- Poñer en valor a identidade local, as tradicións e o patrimonio do territorio.

2. PARTICIPANTES

Establécense dúas categorías:

a) *Categoría Individual*

Poderán participar todas as empresas de servizos que de xeito individual instalen decoración nos seus locais comerciais:

- Comercios locais
- Establecementos de restauración
- Aloxamentos turísticos
- Empresas de servizos con atención ao público
- Calquera establecemento aberto ao público situado no termo municipal de Teo

b) *Categoría Colectiva*

Poderán participar:

- Comercios e empresas situadas en Teo que ornamenten o seus locais e espazos de forma conxunta

3. PROXECTOS DE DECORACIÓN

a) *Individual*

Decoracións en **elementos exteriores visibles** dos seus locais comerciais.

- escaparates
- balcóns
- ventás
- portas
- fachadas
- leiras ou xardíns exteriores visibles desde a vía pública

b) *Colectiva*

Decoracións en **espazos comunitarios exteriores** tales como:

- lugares das parroquias
- prazas
- locais comerciais decorados de forma conxunta

- rúas
- entradas ou elementos significativos de cada núcleo

A decoración debe estar relacionada co Nadal e poderá empregar calquera técnica ou estilo libre.

4. MATERIAIS EMPREGADOS

Poderanse utilizar todo tipo de materiais, naturais ou reciclados, incluíndo iluminación. No caso de empregar elementos naturais, deberán proceder de talas autorizadas ou restos naturais.

5. INSCRICIÓN

Unha vez aprobadas as presentes bases e convocatoria serán obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, publicándose extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de A Coruña por conduto da Base Nacional de Datos de Subvencións, o cal conterá como mínimo:

- 1º Obxecto
- 2º Beneficiarios
- 3º Data da publicación das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia
- 4º Prazo da presentación de solicitudes
- 5º Identidade do xurado

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as súas inscricións desde o 1 de Decembro de 2025 ata o día 15 de Decembro de 2025, do seguinte xeito:

- No Rexistro do Concello de Teo dirixida a documentación á alcaldía de luns a venres en horario de Rexistro ou telematicamente, a través da sede electrónica do Concello <https://sede.teo.gal/sxc/gl/>

As inscricións deberán ir debidamente cumprimentadas (ficha de inscrición), atopándose as bases do concurso e os citados formularios na páxina web do Concello.

- Deberán presentarse mínimo tres fotos coa decoración realizada para ser avaliadas polo correspondente xurado.

A inscrición neste concurso implica a aceptación expresa das súas bases na súa totalidade.

6. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

As decoracións deberán permanecer instaladas entre o 15 de decembro de 2025 e o 7 de xaneiro de 2026.

O montaxe e desmontaxe será responsabilidade de cada participante.

Os elementos deberán estar en bo estado durante todo o período de exposición.

As decoracións deberán permitir a súa visión pola veciñanza de forma libre e gratuíta.

A organización poderá descualificar decoracións que resulten perigosas, incumpran a normativa ou non se axusten ás bases.

7. ENTIDADE ORGANIZADORA

A organización, xestión e valoración do concurso corresponde ao Concello de Teo, a través da Concellería de Cultura, Turismo, Festas Tradicionais e Festexos.

Calquera incidencia comunicarse a: cultura@teo.gal; turismo@teo.gal

8. XURADO

Composición

O xurado estará formado por:

Membros titulares (con voz e voto)

1.- Presidencia: Beatriz Barril Romero Representante da Asociación Cultural de Artesanía de Teo ARTENEO. Interiorista e Escaparartista. Fundadora do proxecto Spaciob

2.- Vogalía 1: Sabela Liñeira Mosqueira, decoradora, interiorista e fundadora de Decorazul

3.- Vogalía 2: Cristina Iglesias Rodríguez, decoradora, interiorista e fundadora do proxecto Espacios (c)alma

Vogaís (sen voto, función consultiva e de apoio)

1.- Sonia Alvarellos Rodríguez Presidenta Asociación Empresarios de Teo (AETeo)

2.- Lucía Mosquera Miramontes, Técnica de Cultura do Concello de Teo

3.- Liduvina Campoamor Sánchez, Técnica de Turismo do Concello de Teo

Suplentes

Suplente 1: Jessica López Bugeiro Responsable de Prensa e Comunicación do Concello de Teo

Suplente 2: Pablo Sanmartín Lopéz Responsable do AMT

Suplente 3: María Viña Feáns, persoal administrativo da Área de Cultura do Concello de Teo

Funcionamento

O xurado adoptará acordos por maioría simple.

As valoracións cuantitativas e o fallo final quedarán recollidos en acta formal.

En caso de ausencia dun titular, ocupará o seu posto o suplente seguindo a orde establecida.

O xurado avaliará as fotografías presentadas antes do 30 de decembro de 2025.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Cada proxecto será valorado cun máximo de 100 puntos segundo os seguintes bloques:

A. Deseño e composición estética – 25 puntos

- Harmonía visual e integración: 0–10 puntos
- Calidade da montaxe e execución: 0–10 puntos
- Coherencia da proposta: 0–5 puntos

B. Creatividade e orixinalidade – 20 puntos

- Elementos feitos a man artesanalmente: 0–10 puntos
- Enfoque persoal ou distintivo da decoración: 0–10 puntos

C. Iluminación e visibilidade – 20 puntos

- Uso equilibrado da iluminación (non excesiva, non insuficiente): 0–10 puntos
- Modo en que facilita a visibilidade pública e a seguridade: 0–10 puntos

D. Uso de materiais reciclados ou sostibles – 15 puntos

- Porcentaxe aproximada de materiais reciclados / reaproveitados: 0–10 puntos
- Integración dos materiais de forma estética e adecuada: 0–5 puntos

E. Identidade local e elementos propios das parroquias – 10 puntos

- Inclusión de elementos culturais ou simbólicos de Teo ou da parroquia correspondente: 0–10 puntos

F. Compoñente educativa, comunitaria ou de sensibilización – 10 puntos

- Mensaxes ou elementos que promovan valores sociais, comunitarios, ambientais, educativos: 0–10 puntos

Desempates

1º maior puntuación en Creatividade. 2º maior puntuación en Materiais reciclados. 3º votación final do xurado.

10. PREMIOS

Categoría Colectiva

1º Premio: Premio metálico de **1.000,00 €**

2º Premio: Premio metálico de **500,00 €**

Categoría Individual

1º Premio: Premio metálico de **800,00 €**

2º Premio: Premio metálico de **400,00 €**

Os premios poderán declararse desertos.

11. ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios realizarase o 5 de xaneiro de 2026, no marco da programación da Cabalgata de Reis do Concello de Teo.

12. PAGO DOS PREMIOS

1- O pago de premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. No momento do pago practicarase as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

2- Para o pago dos premios é necesaria a presentación no Rexistro de entrada da seguinte documentación:

a.- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada (Anexo destas bases)

b.- Fotocopia do NIF/CIF do premiado/a ou do/a seu representante legal, no seu caso é a de dous representantes no suposto de grupo.

c.- Nos demais casos o certificado da conta bancaria asociada ao premio, na que conste o/a titular da conta, ben do premiado/a, do seu representante legal ou un dos dous representantes no suposto de grupo.

3- A presentación desta documentación implica a autorización ao concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento comprobarase de oficio que os/as premiados/as están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e co concello. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

4- A data límite para entregar a documentación é o 15 de xaneiro de 2026. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito a percepción do premio.

5- Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

13. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación no concurso previsto nestas bases implica polos participantes a aceptación incondicional da seguinte cláusula:

a.- A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así como fotografías e vídeos deles nos actos de entrega de premios ou na participación nas actividades culturais, lúdicas etc. obxecto do concurso.

b.- A publicación dos datos persoais dos premiados e importe destes na Base de Datos Nacional de Subvencións de conformidade coa lexislación vixente

14. INSPECCIÓN E CONTROL

O concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades premiadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa destas, en particular á información de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvenciones públicas, así como a requirir aos premiados nos termos que precise de conformidade co disposto no Título III da lei 38 /2003. As persoas que resulten beneficiarias dos premios comprométense a:

- Presentar ou autorizar ao Concello a obter por medios telemáticas os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de obrigas tributarias, seguridade social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvenciones públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

No previsto nestas bases será de aplicación a lei 38/2003 de subvencións, a lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, regulamento xeral de subvenciones, a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais.

ANEXO I Concurso de Decoración do Nadal do Concello de Teo**FORMULARIO DE INSCRICIÓN**

1. Categoría: ☐ Individual ☐ Colectiva
2. Nome e apelidos da persoa participante :
3. Nome e apelidos da persoa responsable do colectivo (se procede):
4. Nome do establecemento/local comercial, empresa (se procede):
5. Enderezo postal do edificio, praza, local a decorar (incluir coordenadas GPS):
6. Enderezo electrónico:
7. Teléfono:
8. Materiais empregados:
9. Fotos achegadas (ata 3):
10. Mediante a firma deste formulario:
 - Acepto as condicións para a participación no concurso.
 - Autorizo ao Concello, ao uso de forma gratuíta da imaxe por tempo ilimitado, para a súa utilización nos materiais divulgativos institucionais.
 - O concursante está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e do concello, así como coa Seguridade Social e non se encontra en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 de la lei xeral de subvencións.

Os datos persoais dos participantes atópanse incorporados nos tratamentos titularidade do CONCELLO DE TEO, co fin de tramitar ou concurso, seleccionar os gañadores e poñerse en contacto con eles, así como publicar os traballos nas páxinas web, redes sociais e medios de comunicación que se consideran necesarios para dar a coñecer a iniciativa por parte do Concello. Utilizaranse tamén para xestionar a nosa relación co concursante e a súa participación non concurso, darlle a coñecer ou resultado do mesmo e promover e informar sobre novidades na actividade do Concello ou os seus servizos, ademais de coñecer os seus intereses e grao de satisfacción.

Asdo:

Teo, _____ de _____ de 2025

Alcaldesa do Concello de Teo

ANEXO II Concurso de Decoración do Nadal do Concello de Teo**Datos Fiscais PREMIOS**1. Categoría: ☐ Individual ☐ Colectiva

Nome: Premio Importe: € Representante (deben ser o mesmo que na solicitude)

Nome e apelidos: NIF: Teléfono: Enderezo: Localidade: e-mail:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 12 das bases do concurso):

1- O pago de premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. No momento do pago practicarase as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

2- Para o pago dos premios é necesaria a presentación no Rexistro de entrada da seguinte documentación:

a.- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada (Anexo destas bases)

b.- Fotocopia do NIF do premiado/a ou do/a seu representante legal, no seu caso é a de dous representantes no suposto de grupo.

c.- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e Certificado do número IBAN da conta bancaria da propia Asociación

d.- Nos demais casos o certificado da conta bancaria asociada ao premio, na que conste o/a titular da conta, ben do premiado/a, do seu representante legal ou un dos dous representantes no suposto de grupo

3- A presentación desta documentación implica a autorización ao concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento comprobarase de oficio que os/as premiados/as están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e co concello. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

4- A data límite para entregar a documentación é o 15 de xaneiro de 2026. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito a percepción do premio.

5- Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

☐ Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de premiado/representante legal/representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio E AUTORIZO ao Concello para a súa comprobación.

Os asinantes declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso.

Asdo:

Teo, 25 de novembro de 2025

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

2025/7905